

## INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES DE CONCILIA NADAL 2023-2024

De cara á participación nas actividades de conciliación dirixidas á infancia e a mocidade do Concello de Brión no período de vacacións escolares do nadal 2023-24, dende o Departamento de Servizos Sociais relaciónanse a continuación as características do mesmo e o procedemento para realizar a inscrición.

### **CARACTERÍSTICAS DO CONCILIA DE NADAL 2023-24:**

- **PRAZAS:** 40
- **CRITERIOS DE ADMISIÓN PARA PARTICIPANTES:**
  - Obrigatorio: Ter entre 3 e 12 anos de idade, e ter autonomía.
  - Obrigatorio: Ter o empadramento no Concello de Brión.
  - Prioridade: a admisión daqueles casos nos que as nais, pais, titores/as legais, ou persoas acolledoras, manifesten non ter posibilidade de conciliar nesas datas.
- **DATAS:** 22, 26, 27, 28, 29 de decembro do 2023 e 2, 3, 4, 5 de xaneiro do 2024
- **HORARIO:** de \*8:00h a 15:00h \*(coa posibilidade de comezar ás 7:30h no caso de que as familias o requiran na inscrición por motivos de conciliación)
  - **Chegada:** de 7:30h ou 8:00h a 9:00h
  - **Actividades:** de 9:00h a 14:00h
  - **Recollida:** de 14:00h a 15:00h
- **LUGAR:** Pavillón Polideportivo Municipal de Brión ou outra instalación municipal que se axeite ás necesidades do grupo.
- **TEMÁTICA:** As actividades xirarán en torno a unha personaxe principal "O neto do Krampus", mediante a cal se traballaran diversos contidos a través de obradoiros, contacontos, xogos, etc.
- **MEDIOS TÉCNICOS:** os necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- **MEDIOS HUMANOS:** equipo de monitorado atendendo á ratio 1/10, vixente na lexislación galega.
- **PREZO:** 25€/persoa (con posibilidade de bonificación para aquelas familias que o necesiten, previa solicitude e acreditación por parte dos Servizos Sociais)
- **Nº TLF INFORMACIÓN:** 981 50 99 10 (preguntar por Bea)

## **PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN :**

- **PRAZO DE INSCRICIÓN:** Aberto **ata o venres 1 de decembro 2023**
- **VÍAS DE PRESENTACIÓN DA INSCRICIÓN:**
  - SEMPRE PREFERENTEMENTE POR VÍA TELEMÁTICAMENTE (co certificado dixital ou clave PIN con seguridade alta) na SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BRIÓN
    - 1º) entrar en <https://sede.concellodebrion.org/sxc/gl/index.html>
    - 2º) premer en “SERVIZOS SOCIAIS”
    - 3º) premer en “SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN”
    - 4º) premer en “INICIAR TRÁMITE”
  
  - No caso de non poder realizarse por vía telemática e ter que realizarse de xeito presencial, haberá que acudir á oficina de rexistro do Concello en horario de atención ao público de 9:00h a 14:00h (o formulario poderá descargarse previamente na páxina web, ou na sede electrónica)
  
- **DOCUMENTACIÓN A APORTAR:**
  - Modelo de inscrición cuberto e asinado (ANEXO I)
  - Libro de familia ou partida de nacemento da persoa participante
  - Tarxeta sanitaria da persoa participante
  - Informe médico no caso de ser preciso
  
- **LISTAXES DE ADMISIÓN E AGARDA PROVISIONAIS:** publicaranse na páxina web do Concello de Brión e no taboleiro dixital, **a partir do venres 1 de decembro.**

## **PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO DA COTA:**

- **PRAZO PAGAMENTO DA COTA:** **Dende que se publica a listaxe de admisión, ata o luns 11 de decembro.**
- **FORMAS DE PAGAMENTO:**
  - Transferencia bancaria en calquera destas contas:
    - (BANCO SABADELL) IBAN: ES90 0081 2144 1200 0100 0606
    - (ABANCA) IBAN: ES14 2080 0327 4731 1000 0016
  - Presencialmente na tesourería do Concello
  
- **LISTAXES DE ADMISIÓN E AGARDA DEFINITIVAS:** **A partir do mércores 13 de decembro**